



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº1/2017, ORDINARIA, REALIZADA O 26 DE XANEIRO DE 2017.**

## ASISTENTES

### **Presidente**

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

### **Concelleiros/as**

#### **Grupo municipal do PP**

DUARTE GERPE, Florinda

RAMILO VARELA, Margarita

BARBEITO REY, Carlos

MONTES MARTÍNEZ, José Manuel

REGUEIRA MOAR, Rubén

#### **Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

COUTO LÓPEZ, Pablo

CETINA MOCHALES, Jesús Javier

RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria

ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

#### **Grupo municipal mixto**

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

#### **Interventora do Concello**

Noemí González Mato

#### **Secretario do Concello**

Diego García Doval

## NON ASISTEN

GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso (PP)

BLANCO FIDALGO, Patricia (PSdeG-PSOE)

**HORA DE INICIO:** 12:03

**HORA DE REMATE:** 13:00

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:03 horas do 26 de xaneiro de 2017, tras convocatoria efectuada pola Señora Alcaldesa en funcións, Dª Florinda Duarte Gerpe (Por substitución do señor Alcalde por ausencia, mediante decreto 13/2017, do 18 de xaneiro), mediante decreto do 23 de xaneiro de 2017, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense na sesión 1/2017, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

## ORDE DO DÍA

### Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior ( nº 9/2016, ordinaria, do 24 de novembro de 2016).
- 2.-Proposta de acordo provisorio para a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles (introdución de exención para centros sanitarios de titularidade pública).
- 3.-Proposta de solicitude á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de autorización para a declaración da desafectación en relación aos usos de vivenda e demais escolares das vivendas nº (segundo o Catastro) 9, 13, 17, 19, 21, 23, 29, 31 e 33 adscritas ao CPI Vicente Otero Valcárcel, e da Escola Unitaria de Herves.
- 4.-Proposta de acordos en relación ao proxecto complementario nº 1 da obra "Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310", esixidos polas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.

### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 5.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 6.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 7.-Rogos e preguntas.

## PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ( Nº 9/2016, ORDINARIA, DO 24 DE NOVIEMBRE DE 2016).**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 9/2016, ordinaria, do 24 de novembro de 2016 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

### **2.-PROPOSTA DE ACORDO PROVISORIO PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (INTRODUCCIÓN DE EXENCIÓN PARA CENTROS SANITARIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA).**

#### **EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 16 de xaneiro de 2017, como segue:





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100.1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

## " PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: Modificación Ordenanza Fiscal IBI para aprobación da exención do centro de saúde de Carral.**

DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO, Alcalde do Moi Leal e excelentísimo Concello de Carral, en uso das facultades que lle concede o artigo 21.1.f) da lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Visto o Acordo de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), polo que se establece o contido do Pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 20 de xaneiro de 2006, e polo que a Comunidade Autónoma deberá asumir de forma progresiva a xestión dos servizos asociados á xestión da atención primaria da saúde. Para estes efectos, a asunción da xestión dos servizos levarárase a cabo mediante a cesión gratuíta ao Servizo Galego de Saúde da titularidade dos edificios e terreos dos centros de saúde e a subrogación do organismo autónomo nos correspondentes contratos de servizos e subministracións contratados polos municipios para os ditos centros. Os bens cedidos integraríanse no patrimonio do Sergas e quedarán afectados ao servizo público de saúde.

Visto que en data 27 de xullo de 2016, reuniuse a Comisión Mixta entre a Consellería de Sanidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) prevista na disposición adicional quinta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e acordou iniciar os trámites para a cesión ao Servizo Galego de Saúde de outros 29 centros de saúde, entre os que se atopa o CS de Carral,

Visto o artigo 62.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que o tratar das exencións ao Imposto de Bens Inmóbeis sinala: "Las ordenanzas fiscales podrán regular una exención a favor de los bienes de que sean titulares los centros sanitarios de titularidad pública, siempre que estén directamente afectados al cumplimiento de los fines específicos de los referidos centros. La regulación de los restantes preceptos sustantivos y formales de esta exención se establecerá en la ordenanza fiscal".

Considerando que o artigo 133.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala: "Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artigo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurren razones graves de interés público que lo justifiquen. Cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero. Si la normativa reguladora del ejercicio de la iniciativa legislativa o de la potestad reglamentaria por una Administración prevé la tramitación urgente de estos procedimientos, la eventual excepción del trámite por esta circunstancia se ajustará a lo previsto en aquella".

**PROPOÑO** ao Pleno, para a súa aprobación;

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do artigo 2 da Ordenanza Fiscal nº 1 "Imposto sobre Bens Inmóbeis", de forma que quede redactado da seguinte maneira:

### " Artigo 2. Exencións.

#### 2.1. Exención por criterios de eficiencia e economía.

Ao abeiro do disposto no artigo 62.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establececese unha exención a favor dos seguintes bens inmóbeis:

- Os de natureza urbana cunha cota líquida inferior a 6,00 €.
- Os de natureza rústica, no caso de que para cada suxeito pasivo a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00 €.

#### 2.2. Exención a favor dos bens que sexan titulares os centros sanitarios.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Ao abeiro do disposto no artigo 62.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e unha vez asinado o convenio entre este Concello e a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), de cesión da titularidade dos centros sanitarios de titularidade pública ao SERGAS, existentes no Concello de Carral, establecerase unha exención a favor de ditos bens, sempre que estén directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos citados centros.

Aos efectos anteriores, por esta Administración emitirase un certificado acreditativo da situación descrita no punto anterior."

SEGUNDO.- Que conforme ao artigo 133.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e por non ter un impacto significativo na actividade económica do Concello nin obrigacións relevantes para os destinatarios, se prescindan dos trámites de consulta, audiencia e información pública da modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, aprobándose definitivamente e publicándose esta modificación integramente no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación."

No expediente consta o informe da Interventora do Concello do 17 de xaneiro de 2017 como segue:

**"INFORME DE INTERVENCIÓN EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO Nº 2 "EXENCIÓNS", DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

### 1. ANTECEDENTES

1.-Acordo de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias(FEGAMP), polo que se establece o contido do Pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 20 de xaneiro de 2006, e polo que a Comunidade Autónoma deberá asumir de forma progresiva a xestión dos servizos asociados á xestión da atención primaria da saúde.

2.-Acta, de 27 de xullo de 2016, da Comisión Mixta entre a Consellería de Sanidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) prevista na disposición adicional quinta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e acordou iniciar os trámites para a cesión ao Servizo Galego de Saúde de outros 29 centros de saúde, entre os que se atopa o CS de Carral.

3.- Proposta da Alcaldía ao Pleno, de data 16 de xaneiro de 2016, para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI.

### 2. NORMATIVA DE ESPECIAL APLICACIÓN.

1.-Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL)

2.-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)  
das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

3.-Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral orzamentaria.

4.-Lei 39/2015, de 1 de outubro, de

De acordo co exposto **INFORMO:**

**PRIMEIRO:** O artigo 59.1 do TRLFL, sinala que" Los Ayuntamientos exigirán, de conformidade con esta Ley y las disposiciones que la desarrollan, los siguientes impuestos:

- Impuesto de Bienes Inmuebles.
- Impuesto de Actividades Economicas.
- Impuesto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)."

**SEGUNDO:** O artigo 15.2 do TRLFL, ao respecto dos impostos previstos no artigo 59.1 de exacción obrigatória para os Concellos, establece: "(...) los Ayuntamientos que decidan hacer uso de las facultades que les





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

confiere esta Ley en orden a la fijación de los elementos necesarios para la determinación de las respectivas cuotas tributarias, deberán acordar el ejercicio de tales facultades, y aprobar las respectivas ordenanzas fiscales" e, neste senso, o artigo 16.1 sinala que "Las ordenanzas fiscales a que se refiere el apartado 1 anterior contendrán, al menos: a) La determinación del hecho imponible, sujeto pasivo, responsables, **exenciones (...)**". Para a determinación destas exencións nas ordenanzas fiscais, hai que ter en conta, que o artigo 9.1 do TRLRFL sinala: " No podrán reconocerse otros beneficios fiscales en los tributos locales que los expresamente previstos en las normas con rango de ley o los derivados de los tratados internacionales. No obstante, también podrán reconocerse los beneficios fiscales que las entidades locales establezcan en sus ordenanzas fiscales en los supuestos expresamente previstos por la ley(...)".

Neste senso, o artigo 62 do TRLRFL, regula as exencións ao imposto sobre bens inmobles, regulando do seu punto 1 as exencións de oficio, no seu punto 2 as exencións que necesitan solicitude previa e no seu punto 3 : " Las ordenanzas fiscales podrán regular una exención a favor de los bienes de que sean titulares los centros sanitarios de titularidad pública, siempre que estén directamente afectados al cumplimiento de los fines específicos de los referidos centros. La regulación de los restantes preceptos sustantivos y formales de esta exención se establecerá en la ordenanza fiscal"

Polo tanto, a proposta da alcaldía de modificar o artigo 2 da Ordenanza Fiscal número 3 reguladora do IVTM, de forma que , a maiores da exención potestativa por criterios de eficiencia e economía xa existente (artigo 62.4 TRLRFL), se contemple a exención do Centro de Saúde do Concello de Carral, sempre que estea afectado ao cumprimento dos fins específicos do citado centro, cumpre coa legalidade vixente

**TERCEIRO:** En relación, ó trámite de aprobación da Ordenanza Fiscal, será o seguinte conforme ó establecido no artigo 17 do TRLRFL:

- 1.-Dictame da Comisión Informativa de Facenda.
- 2.-Aprobación inicial polo Pleno. A aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal requirirá maioría simple dos membros presentes na sesión
  - Publicación do inicio do prazo de exposición pública no BOP e no tablón de anuncios da Entidade Local por un período de 30 días hábiles.
  - En caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de ratificalo polo Pleno. Si se presentan reclamacións, estas se resolverán polo Pleno e se aprobará a Ordenanza modificada, definitivamente
  - Publicación no BOP do texto íntegro da modificación.
  - Entrada en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP.

Se ben, conforme a redacción do artigo 133.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas : "Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurren razones graves de interés público que lo justifiquen.

Cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero. Si la normativa reguladora del ejercicio de la iniciativa legislativa o de la potestad reglamentaria por una Administración prevé la tramitación urgente de estos procedimientos, la eventual excepción del trámite por esta circunstancia se ajustará a lo previsto en aquella". Así, este artigo 133 da Lei de Procedemento Administrativo Común, prevé que poderá prescindirse do trámite de consulta pública, audiencia e información pública cando:

- a) No caso de normas orzamentarias ou organizativas das AAPP ou cando concurren razóns graves de interese público que o xustifiquen.
- b) Tamén poderá omitirse a consulta pública previa cando a proposta normativa non teña un impacto en significativo na actividade económica, non imponha obrigacións relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.
- c) Por último, no suposto de tramitación urxente destes procedementos segundo o previsto na normativa da AAPP correspondente.

Tratándose dunha modificación da ordenanza fiscal que non ten un impacto significativo para a normativa





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

local e, considerándose un paso previo e necesario para a cesión do Centro de Saúde do Concello de Carral á cesión do SERGAS, dende esta intervención municipal enténdese que esta modificación da ordenanza fiscal nº 1, atópase dentro das excepcións ao trámite de exposición pública que regula o artigo 133.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

### DEBATE

O señor Alcalde indica que xa se explicou o asunto na comisión informativa.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que está en contra da cesión do Centro de Saúde e dos terreos ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e que se declaren exentos do IBI, porque hai anos que había servizo de urxencias en Carral e pasaron a Cambre, e cando os médicos están de baixa ou de vacacións, non os reemprazan e prodúcense moitas esperas. Lembra que a señora Duarte Gerpe dixo nunha sesión plenaria anterior que non se pode solicitar unha ambulancia porque non nola van conceder. En canto ao argumento de que coa cesión xa non haberá que facer fronte aos gastos de mantemento, considera que, por esa regra de tres, habería que ceder todos os bens do Concello a outras Administración. Coida que, sendo os concelleiros representantes da xente que vive no concello, non deben tomar decisións sen que o saiban, e considera que isto o descoñece a xente do pobo, pois a cesión non estaba en ningún programa das tres forzas representadas no Pleno.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) manifesta o acordo do seu grupo coa cesión da instalación para que se fagan cargo do mantemento, as revisións ou o persoal. Opina que, de paso, cómpre esixir o médico que tería que vir porque corresponde en función da poboación do concello, xa que, ás veces ten que saír un médico para urxencias e o centro queda desatendido. Indica tamén que hai moitas listas de agarda, e que o pediatra, a partires das once e pico, pasa a Cambre. Así, manifesta que se debería pedir do SERGAS que se comprometa a dotar o centro dun médico máis e dun pediatra a xornada completa, e pedir tamén unha ambulancia.

O señor Alcalde recoñece que hai que mellorar a sanidade mais indica que, se ben Carral ten os seus ratios ao límite, a situación non é tan grave coma noutros concellos, mais si habería que mellorar o número de persoal. Explica que a cesión á Consellaría de sanidade é para que xestionen todo ao 100% (calefacción, mantemento, ou limpeza, que agora fai o Concello). Indica que, mentres sexa de sanidade, haberán de xestionalo eles e, se no futuro se crease un PAC noutro edificio, podería voltar ese edificio a ser do Concello.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por dez votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE presentes na sesión, fronte a un voto en contra do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON), adoptando os seguintes acordos:

1.-Aprobar de xeito provisorio a modificación do artigo número 2 da Ordenanza fiscal nº 1 reguladora do imposto de bens inmobles, [tendo en conta que, conforme ao artigo 133.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por non ter un impacto significativo na actividade económica do Concello nin en obrigacións





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

relevantes para os destinatarios, se prescindiu dos trámites de consulta, audiencia e información pública previos indicados en tal precepto] (mediante a introdución nel do punto 2.2), que quedaría redactado da seguinte forma:

### ““ Artigo 2. Exencións.

#### 2.1. Exención por criterios de eficiencia e economía.

Ao abeiro do disposto no artigo 62.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establececese unha exención a favor dos seguintes bens inmobeis:

- a) Os de natureza urbana cunha cota líquida inferior a 6,00 €.
- b) Os de natureza rústica, no caso de que para cada suxeito pasivo a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00 €.

#### 2.2. Exención a favor dos bens que sexan titulares os centros sanitarios.

Ao abeiro do disposto no artigo 62.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e unha vez asinado o convenio entre este Concello e a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saude (SERGAS), de cesión da titularidade dos centros sanitarios de titularidade pública ao SERGAS, existentes no Concello de Carral, establececerase unha exención a favor de ditos bens, sempre que estén directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos citados centros.

Aos efectos anteriores, por esta Administración emitirase un certificado acreditativo da situación descrita no punto anterior.””

2.-Expoñer o acordo provisorio de modificación de ordenanza fiscal no taboleiro de edictos do Concello, previo anuncio de tal exposición no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, durante trinta días, dentro dos cales as persoas interesadas segundo o artigo 18 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderán examinar o expediente e presentaren as reclamacións que estimen oportunas.

3.-Logo de rematar o período de exposición pública, o Concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presenten e aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza a que se refire o acordo provisorio. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisorio, sen necesidade dun novo acordo plenario.

4.-O acordo definitivo ou provisorio elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación da ordenanza, publicaranse no Boletín Oficial da Coruña, e non entrará en vigor até que se realice tal publicación.

**3.-PROPOSTA DE SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA DE AUTORIZACIÓN PARA A DECLARACIÓN DA DESAFECTACIÓN EN RELACIÓN AOS USOS DE VIVENDA E DEMAIS ESCOLARES DAS VIVENDAS Nº (SEGUNDO O CATASTRO) 9, 13, 17, 19, 21, 23, 29, 31 E 33 ADSCRITAS AO CPI VICENTE OTERO VALCÁRCEL, E DA ESCOLA UNITARIA DE HERVES.**

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 24 de xaneiro de





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

2017 (que corrige a proposta inicial, do 16 de xaneiro de 2017, como se explicou na comisión informativa), como segue:

## " PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Proposta de solicitude á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de autorización para a declaración da desafectación en relación aos usos de vivenda e demais escolares das vivendas nº 9, 13, 15, 17, 23, 25, 27, 29 e 33 adscritas ao CPI Vicente Otero Valcárcel, e da Escola Unitaria de Herves.**

Logo de ver o informe emitido o 16 de xaneiro de 2017 por Dª Florinda Duarte Gerpe, concelleira de educación, traballo e benestar do Concello de Carral, como segue:

"Dona Florinda Duarte Gerpe, Concelleira de Educación do Concello de Carral

INFORMA:

Que dende esta concellería estamos interesados en utilizar con fins municipais socioeducativos as que foron vivendas escolares e que se atopan no recinto do CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral e que actualmente non se están utilizando por parte da Consellería de Educación. É necesario solicitar a desafectación das vivendas que segundo o catastro son as número 9,23,25,13, 27,15,29,17,33.

O Mesmo ocorre coa antiga Escola Unitaria de Herves, que actualmente tampouco a está utilizando a Consellería de Educación.

Para todo isto é necesario realizar as oportunas solicitudes á Xunta previo acordo plenario."

Logo de ver a disposición adicional 15ª.2 in fine da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, segundo a cal, " 2. La conservación, el mantenimiento y la vigilancia de los edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial, corresponderán al municipio respectivo. **Dichos edificios no podrán destinarse a otros servicios o finalidades sin autorización previa de la Administración educativa correspondiente**".

Logo de ver, asemade, o Decreto 250/1988, do 21 de xullo, polo que se regula o dereito a casa-habitación destinada a profesores de Educación Xeral Básica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo artigo 6 establece que " A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a petición dos concellos, poderá declarar a desafectación das vivendas cando estas non sexan necesarias para o fin para o que foron afectadas e sempre que no dito edificio non funcione unidade escolar".

Logo de ver que, como explicou a señora 1ª Tenente de Alcalde na sesión da comisión informativa realizada o 23 de xaneiro de 2017, a miña proposta inicial, do 16 de xaneiro de 2017, contiña erros materiais en canto á numeración do Catastro das vivendas ás que se refire, tendo en conta que cada vivenda conta con números diferentes no Catastro, no padrón e nas súas fachadas, como segue:

CATASTRO	9	23	11	25	13	27	15	29	17	31	19	33	21	35
FACHADA	9	5	6 ou 13	15	8	9	10	23	25	27	29	31	16	17
PADRÓN	9	11	13	15	17	19	21	23	25	27	29	31	33	35

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), b) e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), previo ditame da Comisión Informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que adopte o seguinte acordo:

Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a autorización para a declaración da desafectación en relación aos usos de vivendas e demais escolares das vivendas nº (segundo o Catastro) 9, 13, 17, 19, 21, 23, 29, 31 e 33 adscritas ao CPI Vicente Otero Valcárcel, e da Escola Unitaria de Herves."







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2017 ditame favorable á proposta (emendada en canto ao número do Catastro das vivendas ás que se refire, que é o 9,13,17, 19, 21, 23, 29, 31 e 33) , en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

### DEBATE

O señor Alcalde explica que, xa que nas vivendas non viven mestres (agás nunha), se pretende que pasen a ser de uso municipal, para poder utilizalas como o Concello considere oportuno.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que a proposta é acorde á petición que xa fixeran de que tales bens pasasen a uso municipal e, por tanto, coida que é estupendo que volten ao noso patrimonio.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) amosa o acordo do seu grupo coa proposta, mais opina que é tardía pois, na súa opinión, hai anos que eses terreos deberían terse adicado á construción do IES. Coida que, por non facelo, se fracturou a comunidade escolar, a diferenza do que se fixo, por exemplo, en Culleredo, onde os centro están na mesma zona, para dar facilidades ás familias e aos nenos. Considera que se isto se tivese feito hai cinco anos, podería terse construído o IES alí, e non habería os problemas de acceso actuais, derivados do cruzamento da N550 polos nenos, sen pasarelas nin pasos de peóns.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) resposta que antes non se podería ter feito esta solicitude, porque dúas ou tres delas estaban ocupadas, até que se xubilaron dous mestres neste curso escolar, e aínda queda outra ocupada.

O señor Couto López replica que cre que si se podería ter feito se houbera a vontade.

O señor Alcalde considera que é unha mágoa que o señor Couto non fose concelleiro do PSOE naquel intre, porque así terían chegado a un mellor entendemento con el.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as once señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a autorización para a declaración da desafectación en relación aos usos de vivendas e demais escolares das vivendas nº (segundo o Catastro) 9, 13, 17, 19, 21, 23, 29, 31 e 33 adscritas ao CPI Vicente Otero Valcárcel, e da Escola Unitaria de Herves.

**4.-PROPOSTA DE ACORDOS EN RELACIÓN AO PROXECTO COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA "REURBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP1704, PK 10+480 AO 11+310", ESIXIDOS POLAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE INCLUIRÁN NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS 2012-2015.**

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 16 de xaneiro de 2017, como segue:

#### **" PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

**Asunto: Acordos en relación ao proxecto complementario nº 1o da obra de "Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310", esixidos polas bases de colaboración entre a Deputación**





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

### Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria do 26 de outubro de 2012 aprobou as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, que foron publicadas no BOP nº 217, do 14 de novembro de 2012.

Logo de ver que, mediante unha circular do 1 de abril de 2015 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 8 de abril de 2015, nº 847), se comunicou ao Concello de Carral que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria realizada o 27 de marzo de 2015, acordou aprobar inicialmente a primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, na que se inclúe a seguinte obra que afecta a Carral:

Código	Denominación	Presuposto (Deputación fondos propios)
15.1130.0001.0	Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310	290.082,99 €

Logo de ver o proxecto técnico da obra, remitido nun CD en formato dixital.

Logo de ver a base 3.2ª das reguladoras do Plan de travesías 2012-2015, na que se indica a documentación que se ha de remitir á Deputación no prazo de 40 días naturais dende a recepción da devandita notificación.

Logo de ver o informe técnico emitido para o Concello o 23 de abril de 2015 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, así coma a certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías, esixida pola base 3.2 A.1) das que regulan o plan, e emitida o 23 de abril de 2015, con base no informe evacuado para o Concello na mesma data polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez.

Logo de ver os acordos adoptados polo Pleno do Concello de Carral na súa sesión do 15 de maio de 2015, relativos á aprobar do proxecto de **"Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310"**, remitido pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, e autorización á Deputación para executar as obras, facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución; declaración da conformidade do Concello de Carral coas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, que foron publicadas no BOP nº 217, do 14 de novembro de 2012; compromiso do Concello de Carral de aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións da travesía; e delegación no Alcalde-Presidente da formalización do correspondente convenio.

Logo de ver que, ao abeiro de tal plan, se aprobou a realización da obra "Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310".

Logo de ver que, mediante unha circular do 27 de decembro de 2016 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 30 de decembro de 2016, nº 3.523), se comunicou ao Concello de Carral que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria realizada o 23 de decembro de 2016, acordou aprobar o proxecto complementario nº 1 da obra, segundo se detalla:

Código	Denominación	Orzamento de contrata
2015.1130.0011.0	Proxecto complementario nº1 ao de Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310	50.058,64 €





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 J

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Logo de ver o proxecto técnico da obra, redactado en novembro de 2016 polo enxeñeiro técnico da Deputación, D. Francisco José Cardesín Berrocal, remitido nun CD en formato dixital.

Logo de ver, asemade que, se ben na memoria do proxecto consta "(...) 3.3.-EXPROPIACIONES. La actuación a realizar está dentro de la zona de dominio público de la carretera, por lo tanto no ha sido necesaria la realización de expropiación de terrenos. El inmueble a demoler ha sido gestionada su cesión por el Concello de Carral" a devandita cesión non foi tramitada polo Concello de Carral. Consta, porén, copia dunha acta de comparecencia do 21 de outubro de 2016, pola que "(...) César José Fernández Míguez y María Victoria Vidal García ceden gratuitamente el terreno necesario para acometer la obra descrita, a cambio de que la Diputación provincial realice los trabajos indicados en el citado proyecto: capítulo 1, unidades 1,2,3 y capítulo 2, unidades 2,3,4,7,y 9. (...)".

Logo de ver a base 3.2ª das reguladoras do Plan de travesías 2012-2015, na que se indica a documentación que se ha de remitir á Deputación no prazo de 40 días naturais dende a recepción da devandita notificación.

Logo de ver o informe técnico emitido para o Concello o 16 de xaneiro de 2017 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal "(...) **III.- Consideracións técnicas.**

### **a).-Clasificación e cualificación do solo.**

Os terreos nos que se pretende realizar as actuacións están clasificados segundo as NSMP, como solo urbano, e están cualificados como vía de dominio público.

### **b).-Finalidade da actuación e uso.**

O uso para que se solicita autorización é para uso e dominio público, mediante a demolición parcial dunha edificación que se atopa fora de ordenación parcial (por atoparse fora das aliñación) e da cal os propietarios cederon os terreos fora das aliñacións, para poder regularizar a súa situación urbanística.

### **c).-Orzamento das obras.**

O orzamento de contrata do complementario é de 41.370,78 euros o que fai un total de 50.058,64 euros IVE incluído.

### **d).-Xestión de residuos.**

O proxecto xustifica o cumprimento do RD 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

### **e).-Normativa e autorizacións sectoriais:**

A autorización urbanística enténdese sen prexuízo das preceptivas autorizacións sectoriais. O proxecto non precisa autorizacións sectoriais para a súa aprobación.

### **f).-Compatibilidade co PXOM do Concello de Carral aprobado inicialmente.**

A actuación non está afectado pola suspensión de licenzas do PXOM

### **IV.-Conclusións:**

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; **infórmase favorablemente a solicitude realizada**, nos termos indicados neste informe.

É todo canto teño a ben informar. "

Logo de ver, por outra banda, a certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto modificado de travesías, esixida pola base 3.2 A.1) das que regulan o plan, e emitida o 16 de xaneiro de 2017, con base no informe evacuado para o Concello na mesma data polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, nos seguintes termos:





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

### "ASUNTO:

Solicitude de informe para a certificación da dispoñibilidade dos terreos do proxecto **COMPLEMENTARIO Nº1 de REURBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP1704 PKs. 10+480/11+310, en Carral**, interesada Deputación de A Coruña segundo escrito do 30 de decembro de 2016 con rexistro de entrada 3523.

### INFÓRMASE:

#### Antecedentes

Consta no expediente o proxecto **COMPLEMENTARIO Nº1 de REURBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP1704 PKs. 10+480/11+310** redactado polo Enxeñeiro FRANCISCO JOSÉ CARDESÍN BERROCAL sendo Director do Proxecto D. JACOBO FEIJOO MIRANDA.

Consta no expediente copia da acta de comparecencia ante o servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial de A Coruña, de Cesar José Fernández Miguez e María Victoria Vidal García.

#### Consideracións técnicas:

##### Dispoñibilidade dos terreos

Para as actuacións contempladas no proxecto, e a data de redacción de este informe, é posible asegurar que existe total dispoñibilidade dos terreos para a súa realización, xa que os terreos foron cedidos á Deputación de A Coruña, segundo consta na mencionada acta de comparecencia..".

Á vista da devandita documentación e segundo a base 3.2.B) das que regulan o Plan de travesías 2012-2015, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

### ACORDOS

- 1.- Aprobar o **complementario nº1 do proxecto de "Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310"**, remitido pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, e autorizar á Deputación para executar as obras, facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.
- 2.- Declarar a conformidade do Concello de Carral coas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, que foron publicadas no BOP nº 217, do 14 de novembro de 2012.
- 3.- Comprometer ao Concello de Carral a aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións da travesía.
- 4.-Delegar no Alcalde-Presidente a formalización do correspondente convenio..".

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

### DEBATE

O señor Alcalde indica que xa se explicou o asunto na comisión informativa.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que lle parece moi ben que se realice o derrubamento proposto, pois se trata dunha curva perigosa e estreita, na que hai dificultades para camións ou autobuses. Porén, coida que chega tarde pois, na súa opinión, as obras deberían terse feito hai anos, aínda que manifesta que non sabe de quen é a responsabilidade nin culpa a ninguén por iso.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) coida que é unha alegría para todos e puntualiza que o custe das obras non é duns 50.000 €, como dixera na comisión informativa, senón de 32.483 €, unha vez aplicada a baixa na adxudicación da obra (cantidade distribuída nuns 12.000 euros para a demolición e nuns 10.000 € basicamente para tubos de luz, unha farola nova e o recrecido das tapas de rexistro).

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as once señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar o **complementario nº1 do proxecto de "Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310"**, remitido pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, e autorizar á Deputación para executar as obras, facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.
- 2.- Declarar a conformidade do Concello de Carral coas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, que foron publicadas no BOP nº 217, do 14 de novembro de 2012.
- 3.- Comprometer ao Concello de Carral a aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións da travesía.
- 4.-Delegar no Alcalde-Presidente a formalización do correspondente convenio.

### PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

#### **5.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.**

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 21 de novembro de 2016 e o 23 de xaneiro de 2017 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta de catro reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das resolucións (nº 354, 357, 388, e 396/2017 ) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
348/2016	21/11/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 27/2016
349/2016	21/11/2016	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre)





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

350/2016	22/11/2016	concorrenzia) a Dª Mercedes López Gómez Asunto: Contratación de un/unha traballador/a social durante o período correspondente á baixa por IT da titular do posto, a tempo parcial (25 horas/semana), relación contractual temporal, a través do sistema de selección de concurso libre e entrevista persoal, e formación de bolsa de emprego.
351/2016	22/11/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 12/2016)
351bis/2016	23/11/2016	Asunto: Resolución expediente sancionadores de tráfico
352/2016	24/11/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 13/2016)
353/2016	24/11/2016	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de libre concorrencia e dependencia - (setembro de 2016)
354/2016	24/11/2016	Asunto: Levantamento de reparo suspensivo 19/2016, emitido no tocante ao recoñecemento da obriga de relación de facturas proposta pola Alcaldía o 23 de novembro de 2016, por importe de 67.661,36 €.
355/2016	24/11/2016	Asunto: Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón auga-sumidoiros-depuración- canon da auga 2º trimestre 2016
356/2016	24/11/2016	Asunto: Aprobación conta xustificativa subvención Xunta de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016.
357/2016	25/11/2016	Asunto: Levantamento reparo suspensivo 20/2016 e aprobación nóminas novembro 2016
358/2016	25/11/2016	Asunto: Adquisición a don Manuel (32443953S), dona Mª Mercedes (32805766S) e dona Julia Rodríguez Bergondo (32747001S), mediante compravenda e por adjudicación directa, dunha finca na ponte da Brexa (parcela 63 do polígono 15, referencia catastral 15021A015000630000RP)
359/2016	25/11/2016	Asunto: Adquisición a don Joaquín Bermúdez de la Fuente (22856893E), mediante compravenda e por adjudicación directa, dunha finca na ponte da Brexa (parcela 86 do polígono 15, referencia catastral 15021A01500860000RW)
360/2016	25/11/2016	Asunto: Adquisición a dona Victoria (33025133P), dona Esther (32351866C) e dona Ana Barbeito Arenas (32403043E), mediante compravenda e por adjudicación directa, dunha finca na ponte da Brexa (parcela 60 do polígono 15, referencia catastral 15021A01500600000RY)
361/2016	29/11/2016	Asunto: Transmisión dun posto autorizado para a venda ambulante nas feiras de Carral, e unha baixa de autorización.
362/2016	29/11/2016	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.6/2016, X.C. 5/2016.
363/2016	29/11/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 14/2016)
364/2016	01/12/2016	Asunto: Convocatoria XGL 13/2016 ORDINARIA (o día 02/12/2016)
365/2016	02/12/2016	Asunto: Solicitud de devolución de ingreso realizado en relación aos cursos de natación durante o mes de xullo do neno Marcos Andrade Novoa, realizada por dona Carmen Novoa López.
366/2016	02/12/2016	Asunto: Solicitud de devolución de ingreso realizado en relación á escola deportiva de pilates, realizada por dona Manuela Insua Rodríguez.
367/2016	02/12/2016	Asunto: Estimación solicitude devolución de ingresos indebidos (devolución ICIO e taxa por obra por cálculo incorrecto, a instancia de Dª . Julia Varela Santos (DNI: 76.304.107-C).
368/2016	05/12/2016	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso para concorrer a exames finais (art. 41) da





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) o día 9 de decembro de 2016.

369/2016	05/12/2016	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (decembro de 2016)
370/2016	05/12/2016	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (decembro de 2016)
371/2016	09/12/2012	Asunto: Concesión pago a justificar 28/2016 a favor de Florinda Duarte Gerpe
372/2016	12/12/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa herdeiros/as Dª Mª Teresa Fernández Pardois
373/2016	12/12/2016	Asunto: Modificación do orzamento xeral do Concello (MC 7/2016, transferencia 2/2016)
374/2016	13/12/2016	Asunto: Devolución ingreso curso natación Eva Mª Cacheiro Salorio (neno Carlos Barreiro Cacheiro)
375/2016	13/12/2016	Asunto: Devolución ingreso curso natación Vanessa Vila Santiso (neno Leonardo Teijo Vilas)
376/2016	13/12/2016	Asunto: Devolución ingreso curso pilates Nuria Bouzas Garaboa
377/2016	13/12/2016	Asunto: Aprobación e pagamento Xunta de Galicia taxa ampliación horario Nadal 2016
378/2016	13/12/2016	Asunto: Concesión SAF (libre concorrencia a Dª Marina Pazos Roel)
379/2016	14/12/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Dª Josefa Catrufo Fernández (FOR 16/2016)
380/2016	14/12/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa D. Manuel Otero López (FOR 17/2016)
381/2016	14/12/2016	Asunto: Redución SAF (libre concorrencia) Dª Emilia Bello García, á súa solicitude
382/2016	15/12/2016	Asunto: Resolución incio procedementos sancionadores de tráfico (4)
383/2016	15/12/2016	Asunto: Liquidación SAF libre concorrencia e dependencia outubro 2016
384/2016	16/12/2016	Asunto: Axudas odontolóxicas, oftalmolóxicas e de estudos persoal concello (xullo-decembro 2016)
385/2016	16/12/2016	Asunto: Aprobación SAF (libre concorrencia) a D. Carlos Sánchez Fernández
386/2016	19/12/2016	Asunto: Concesión urgente SAF (libre concorrencia) Dª Mª Soledad García Bello
387/2016	21/12/2016	Asunto: Modificación do orzamento xeral do Concello (MC 8/2016, transferencia 3/2016)
388/2016	21/12/2016	Asunto: Levantamento reparo suspensivo 21/2016 e aprobación nóminas decembro 2016 e outras cuestións persoal
389/2016	21/12/2016	Asunto: Xustificación PAX 28/2016
390/2016	22/12/2016	Asunto: Autorización PAX 29/2016
391/2016	22/12/2016	Asunto: Aprobación conta xustificativa gastos limpeza CPI Vicente Otero Valcárcel (Xunta-Fegamp)
392/2016	22/12/2016	Asunto: Devolución taxa complexo deportivo D. Alfredo González Vázquez
393/2016	22/12/2016	Asunto: Devolución exceso ICO e taxa Unión Fenosa Distribución
394/2016	23/12/2016	Asunto: Solicitude baixa SAF (libre concorrencia) Rosalía Santos Fariña
395/2016	23/12/2016	Asunto: Recoñecemento extraxudicial de crédito 4/2016
396/2016	23/12/2016	Asunto: Levantamento reparo suspensivo 22/2016, recoñecemento obriga relación facturas 22/12/2016
397/2016	26/12/2016	Asunto: Recoñecemento obriga e pagamento facturas xustificación subvencións Xunta de Galicia
398/2016	26/12/2016	Asunto: Xustificación PAX 27/2016
399/2016	26/12/2016	Asunto: Xustificación PAX 29/2016
400/2016	26/12/2016	Asunto: Incoación orde e xecución limpeza finca D. Claudio García Blanco (LP 50/2016)





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

401/2016	27/12/2016	Asunto: Aprobación conta xustificativa anticipo caixa fixa 2/2016 (Habilitada: Nuria Aradas Carollo)
402/2016	27/12/2016	Asunto: Concesión urxente SAF (libre concorrencia) Olimpia Graíño Pérez
403/2016	28/12/2016	Asunto: Convocatoria sesión XGL 14/2016, ordinaria, 29/12/2016
1/2017	03/01/2017	Asunto: Prórroga do orzamento xeral do Concello de 2016 para 2017.
2/2017	04/01/2017	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 1/2017
3/2017	04/01/2017	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 2/2017
4/2017	05/01/2017	Asunto: Aprobación das bases de selección que rexerán a elaboración dunha listaxe para a contratación dun/ha técnico/a de museo subvencionada pola Deputación da Coruña ao abeiro do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación.
5/2017	09/01/2017	Asuntos: Resolución inicio expedientes sancionadores de tráfico
6/2017	10/01/2017	Asunto: Aprobación e pagamento custas execución de sentenzas D. Juan Manuel Gómez Gómez e D. Marcos Casas Calo.
7/2017	11/01/2017	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (xaneiro de 2017)
8/2017	11/01/2017	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (xaneiro de 2017)
9/2017	12/01/2017	Asunto: Redución horaria semanal na prestación do servizo de axuda no fogar de D <sup>a</sup> . Mercedes Bouzas Pérez
10/2017	13/01/2017	Asunto: Convocatoria Xunta de Goberno Local 1/2017 Ordinaria (16/01/2017 ás 13.00 horas)
11/2017	13/01/2017	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso por asuntos persoais (arts. 118 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 48.k) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) entre o 17 e o 20 de xaneiro de 2017 (ambos incluídos).
12/2017	18/01/2017	Asunto: CONVOCATORIA Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, sesión 1/2017 Ordinaria.
13/2017	18/01/2017	Asunto: Substitución do Señor Alcalde pola Señora 1 <sup>a</sup> Tenente de Alcalde por ausencia ((19 a 22 de xaneiro de 2017)
14/2017	18/01/2017	Asunto: Liquidación de taxa por aboamento so xinmasio do complexo deportivo (xaneiro de 2017)
15/2017	23/01/2017	Asunto: CONVOCATORIA Pleno, sesión 1/2017 Ordinaria (26/01/2017 ás 12.00horas)

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC), en relación ao decreto 354/2016 manifesta que, se con el se levanta o reparo 19/2016, iso quere dicir que, descontados outros 12 das nóminas, sete son por facturas, e pregunta á señora Interventora se aínda hai máis facturas das que aparecen en xaneiro e se van aparecer máis reparos ao respecto. O señor Alcalde indica que a señora Interventora non ten que contestar en Pleno, mais que se atopa á súa disposición, e engade que se vai realizar proximamente a licitación dos contratos de limpeza viaria e de xardíns e do servizo de axuda no fogar.

O señor Bergondo Trillo, por outra banda, manifesta que os decretos 358, 359 e 360/2016 se refírense á compra de terreos na Brexa e pregunta se tales terreos xa están incluídos no actual parque da Brexa ou son para ampliálo, ao que o señor Alcalde resposta que non llo pode dicir fixo, mais cre que son a maiores, e engade que os servizos xurídicos llo poden explicar, e que a compra se fixo







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

cunha subvención da Deputación ao 100%.

### 6.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupos municipais mixto/ACC e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.

#### 6.1.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON para a análise de augas das fontes e mananciais do noso concello.

#### EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

"Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL

*O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte MOCIÓN para a aplicación das medidas necesarias para a análise de augas das fontes e mananciais do noso concello, ó obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

#### EXPOSICION DE MOTIVOS

*O noso Concello dispón de numerosas fontes públicas e naturais con distintas propiedades medicinais onde os veciños e veciñas van buscar auga para o seu consumo ou por onde se pode parar a refrescarse facendo algún dos nosos roteiros, así como en época estival tamén é utilizada por moitos visitantes que as utilizan tanto cando van paseando como a van buscar para usar nas súas vivendas. Entendemos dende a nosa formación que estas fontes deben estar mais coidadas, e así mesmo poñer información nelas si a súa auga é apta para uso alimenticio. Son numerosos os veciños e veciñas que nos preguntan si a auga de calquera fonte das que hai no noso termo municipal é apta para o seu consumo, e en numerosos casos non sabemos que contestar.*

#### ACORDOS

*Instar ó Equipo de Goberno do Concello de Carral a facer as xestións necesarias para realizar os análises necesarios nas distintas fontes do noso Concello, como así , a continuación poñer uns carteis nelas que poñan si a auga é apta para o seu consumo ou non*

*Carral, a 25 de xaneiro de 2017  
César Bergondo  
Voceiro da Asemblea de Carral  
"*

O señor Bergondo Trillo recoñece que quizais non é un asunto urgente, mais indica que o seu grupo pensa que estaría ben que se fixesen análises das fontes e se puxese en cada fonte e manancial se a auga é potable ou non, ou se ten propiedades minerais.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) manifesta que o seu grupo está en contra da urxencia da moción, e que non sería un transtorno para o Concello facer análises, mais si fixar sinais que indicasen a potabilidade ou non das augas, pois non se pode garantir nin asumir as responsabilidades que suporía fixar tales carteis pois, por exemplo, pode haber verquidos que desvirtúen o que nelas se indique. Engade que, de feito, outros concellos que os puxeran





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

retiráronos.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por seis votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, fronte a cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), presentes na sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

### **6.2.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON para "a aplicación das medidas necesarias para a información/axuda das veciñas de Carral sobre a cláusula solo".**

#### **EXPOSICIÓN**

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

*"O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte MOCIÓN para a aplicación das medidas necesarias para a información/ axuda das veciñas de Carral sobre a cláusula solo, ó obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte*

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

*Debido a que no Real Decreto-Lei 1/2017 feito polo Goberno de España, no que non se inclúe a obrigatoriedade por parte da banca de informar a tódalas persoas con hipotecas se teñen no seu contrato a denominada cláusula solo.*

*Debido ó descoñecemento da inmensa maioría da veciñanza en temas financeiros e para que exista menos posibilidade de aproveitamento por parte da banca sobre as usuarias*

#### **ACORDOS**

*Que se eleve dende o concello de Carral, como institución ó servizo das veciñas e veciños, a necesidade dunha xuntanza coas asociacións de veciños coa proposta de traballar de forma conxunta e poder dar talleres para saber como exixir á banca, tanto o reintegro do cobrado abusivamente, como recalcular o importe sen esa cláusula, inventada só para enriquecemento da banca e como se ten demostrado de forma xudicial, ilegal.*

*Carral, a 25 de xaneiro de 2017  
César Bergondo  
Voceiro da Asemblea de Carral  
".*

O señor Bergondo Trillo explica que propoñen usar os servizos xurídicos do Concello para informar á veciñanza como poden actuar en relación ao problema das cláusulas solo.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) manifesta que o seu grupo vai votar en contra da declaración de urxencia da moción, pois a asesora xurídica do Concello pode atender individualmente ás persoas que o precisen ou teñan dúbidas, mais coidan que non ten lóxica que se fagan reunións ao respecto.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por seis votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, fronte a cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), presentes na sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

### **6.3.-Moción oral do grupo municipal mixto-ACC/SON para a elaboración dun informe técnico sobre a posible habitabilidade das "casas dos mestres".**

#### **EXPOSICIÓN**

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) indica que na comisión informativa a señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) manifestou que a habitabilidade das "casas dos mestres" do CPI Vicente Otero Valcárcel era nefasta, con humidades, e propón solicitar un informe técnico sobre a súa posible habitabilidade.

O señor Alcalde resposta que entende que iso non é o contido propio dunha moción, figura que se usa para temas "con calado" para outras Administracións. Coida que a proposta que fai o señor Bergondo se podería aceptar se se fai coma un rogo ou pregunta mais que, coma moción, non pode apreciar a súa urxencia.

O señor Bergondo Trillo insiste en que quere presentalo coma moción.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por seis votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, fronte a cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), presentes na sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

### **6.4.-Moción oral do grupo municipal do PSdeG-PSOE para o cambio de uso da zona destinada a vivendas a zona industrial no Polígono dos Capelos.**

#### **EXPOSICIÓN**

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que o seu grupo propón que se inicien os trámites para cambiar o uso da zona destinada a vivendas do Polígono dos Capelos a uso industrial. Indica que está a reducirse a creación de empresas en Carral en 2016 e que o solo industrial dos Capelos está esgotado. Coida que, aínda que tal modificación xa está prevista no PXOM, a súa tramitación vai ser lenta, e que a modificación puntual que se propón é máis prioritaria cá da UA5 e podería estar realizada nun ano, fronte aos tres ou catro anos que suporá a tramitación do PXOM. Engade que considera tal modificación urxente para xerar solo novo para novas empresas.

O señor Alcalde resposta que esa modificación de uso xa se está a tramitar, e pregúntase onde estaba o señor Couto estes anos pasados e indica que lle gustaría que estivese na Corporación daquela.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por seis votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, fronte a cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), presentes na sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

### **6.5.-Moción oral do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ao Camiño de Piñeiro (Tabeaio).**

#### **EXPOSICIÓN**

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) expón que existe un conflito en relación ao Camiño de Piñeiro (Tabeaio), que unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dixó





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

en 2004 que é público. Engade que, no Pleno de setembro de 2004, mediante unha moción do PSOE, se decidiu por unanimidade "recuperar o seu carácter público", se ben, trece anos despois, está bloqueado por un veciño, e os seus conveciños se ven obrigados a circular por outro camiño que considera "executado ilegalmente en terreos privados" e que, se o cortasen, non poderían entrar nin por un nin polo outro. Así, solicita "que se cumpra a lei", e o que ditou o Tribunal e aprobou o Pleno, e que se aglomere. Engade que está dotado de iluminación pública, aparece nas normas subsidiarias e no PXOM, e non sabe como, na súa opinión, non se cumpre a legalidade en relación a el.

O señor Alcalde resposta que, na súa opinión, o asunto non é urxente, pois houbo sentenzas contraditorias que constatan que o camiño non é público. Manifesta que a apertura provisoria do outro camiño "roza a legalidade" para resolver o problema dos veciños mentres non se aproba o PXOM. Engade que os servizos xurídicos poden informalo á perfección, e que pode ver no expediente os pasos dados ao respecto.

O señor Couto López replica que, en trece anos, o Concello xa tivo ferramentas para garantir o cumprimento da legalidade.

O señor Alcalde resposta que el xa ten bastante con cumprir a lei, ao que o señor Couto López lle replica que non só ten que cumprila, senón tamén facela cumprir.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por seis votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, fronte a cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), presentes na sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

### **6.6.-Moción oral do grupo municipal do PSdeG-PSOE instando a reapertura da radio municipal.**

#### **EXPOSICIÓN**

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) expón que o equipo de goberno non considerou urxente a reapertura da radio municipal polo seu custe de entre 600 e 700 euros dos dereitos de radiodifusión. Coida que a información aos veciños debe ser habitual. Engade que, a pesares diso, saíu un xornal pagado polo Concello cun custe superior a dous mil euros ao ano, que é case catro veces o da radio, e de cuxa existencia se enteiraron na casa, xa que nel non se atribuiu ningún espazo aos grupos da oposición. Propón que se reabra a radio municipal para que todos se poidan pronunciar nela e non só o PP.

O señor Alcalde pide que use as mocions doutro xeito pois, se as presentase por escrito, podería darlle a información requirida. Coida que non é normal presentar as mocions *in voce* pois "complica ao Secretario" e non lle pode dar a información que pide, como podería facer se as presentase por escrito unha semana antes.

O señor Couto López replica que non se redactou a moción porque é moi sinxela.

O señor Alcalde replica que vén dunha reunión para facer un convenio para a radio municipal, e explica que o seu custe eran 800 euros+ IVE todos os meses, e non só as licenzas, que seguen activas para poder abrir a radio en canto se poida.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por seis votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, fronte a cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), presentes na sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

### 7.-ROGOS E PREGUNTAS.

#### 7.1.- Rogo do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) indica que aínda non se sabe nada dos orzamentos novos, mais que se está a incumprir a moción aprobada en xaneiro de 2016 para dotar de iluminación e beirarrúas á rúa que vai do colexio pequeno ao terreo de Varinca, pois non se fixeron as beirarrúas e está perigoso. Pide que se incorpore a obra nos orzamentos. Por outra banda, lembra que tamén se acordou por unanimidade arranxar os accesos á Brexa, con firme brande, e dotalos de iluminación. Indica que se está a ampliar o parque, mais non se usa porque o acceso non é correcto. Pide que, xa que se aprobou por unanimidade, se execute o acordado.

O señor Barbeito Rey (concelleiro de obras e servizos, do grupo municipal do PP) explica que a obra da rúa á que se referiu o señor Couto vaise incluír no POS.

#### 7.2.-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo indica, en relación ao que o señor Alcalde dixo sobre a presentación de mocións, que o regulamento municipal non di nada, e que se poden presentar mesmo "dúas horas antes do Pleno". Ao respecto, pregunta por que Carral segue sen contar cun regulamento orgánico municipal propio.

2.-O señor Bergondo Trillo lembra que xa vai facer dous anos que solicitou un despacho para atender á cidadanía "como indica a lei". Engade que non llo deron porque lle dixeron que había que facer un cambio de mobiliario; despois, porque había nel material de Florinda, porque se usou para a exposición pública do PXOM, ou porque o xuíz de paz o necesitaría para despacho propio, ademais da sala que xa ten o xulgado (segundo lle dixo o señor Alcalde, se ben o xuíz de paz llo negou). O señor Bergondo engade que, estando el na Sala de Xuntas, o señor Alcalde lle dixo que falaría con el do asunto, mais "desapareceu sen dicir nada, fuxiu". Pregunta cando vai contar a oposición cun despacho para o seu uso e pide que, se pode ser, a resposta se dea por escrito.

3.-O señor Bergondo Trillo pregunta por que o Concello proxecta a ampliación do Campo da Feira en terreos entre os edificios existentes e a igrexa, e non "cara adiante", hacia a antiga casa cuartel da Garda Civil.

4.- Manifesta que ten entendido que, coas licenzas urbanísticas, deben realizarse as cesións antes de facer a edificación. Pregunta se este foi o caso co edificio do portal 2A do Campo da Feira.

5.- Lembra que no último Pleno o señor Alcalde dixo que o servizo de axuda no fogar e os servizos de limpeza viaria e xardinaría están sen contratar, mais que se licitarían entre xaneiro e febreiro, e pregunta se se van cumprir estes prazos.

6.- Manifesta que na zona das Travesas a estrada segue sen pasos peonís para o Camiño de Santiago e pregunta se seguen as obras que estaba a facer alí a Xunta.

7.- Pregunta como vai a colocación dos horarios dos autobuses nas marquesiñas.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

### 7.3.-Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

- 1.-O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) pregunta como están os proxectos do PAS e cando se van executar os parques infantís do Campo da Feira, que levan pendentes dende maio.
- 2.-O señor Couto pregunta o mesmo en relación aos proxectos do POS, de febreiro de 2016, que tamén están sen executar.
- 3.-O señor Couto indica que, segundo o señor Alcalde dixo á prensa, o orzamento viña a este Pleno, e pregunta cando se vai facer. Pide que, para as próximas veces, se dea á oposición opción a opinar antes da comisión informativa, para poder achegar ideas e propostas.
- 4.-Lembra que a Casa da Xuventude segue sen abrirse, aínda que xa pasaron catro anos dende 2013. Engade que, entre tanto, desapareceron asociacións como Mil e Pico, quizais pola falta de axudas do Concello.
- 5.- En canto á regulación do Ministerio de Facenda en canto aos Tesoureiros municipais, pregunta se está prevista a súa "contratación" ou non, e que solución se lle pensa dar ao asunto.
- 6.- Por último, pide que se explique o investimento duns dous mil euros que parece que se fixo para asfaltado en terreos privados, perto de Ponte Lago.

### 7.4.-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde resposta ao señor Bergondo que ten dúas copias dos regulamentos orgánicos municipais de Culleredo e de Abegondo no seu despacho, e lembra que quedaran de estudalas e velas entre todos.

En canto ao uso dun despacho pola oposición, indica que lle fará chegar a contestación por escrito.

En relación á ampliación do Campo da Feira, explica que, coa modificación puntual pretenden que os terreos de cesión dos edificios pasen a seren públicos. Engade que os que están cara á N550 son privados e que, para usalos, habería que compralos ou expropialos, o que cre que non é agora unha prioridade.

En canto aos pasos peonís nas Travesas, explica que hai un informe da Xunta no que se di que non se deben facer, pois suporían que houbese que baixar a velocidade a 30 u 40 Km/h, o que é difícil para a seguridade vial. Engade que o Xacobeo ten previsto sinalizar o camiño onde vai cruzar a estrada de xeito máis seguro, non sabe se cun paso de peóns ou con sinalización luminosa, e indica que vai haber unha liña de axudas para o Camiño Inglés.

En canto ao horario dos autobuses, explica que asistiu recentemente a unha reunión referente ao transporte metropolitano, e que tiña previsto preguntalo, mais que se adiantou o Alcalde de Culleredo, e lle respostaron que hai un orzamento importante ao efecto para este ano.

No tocante á ampliación do Campo da Feira, o Alcalde indícalle que está prevista no terreo indicado. O señor Bergondo Trillo pregunta se o do portal 2A, onde está a tenda de roupa interior, pegado á escaleira, ao que o señor Alcalde resposta que non sabe, e que lle poderán informar os servizos técnicos; engade que di el que as escaleiras serán públicas, e que imaxina que estará cedido, aínda que explica que en "solo urbano directo" non hai cesións. O señor Bergondo pregunta "e ¿se non son municipais?", ao que o señor Alcalde resposta que non ve por que non o





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

van ser, mais que llo poden dicir os técnicos.

En canto ás contratacións do servizo de axuda no fogar, limpeza e xardíns, PAS e POS, indica que está previsto sacalo todo a licitación durante febreiro, así coma a aprobación do orzamento, aproveitando o Pleno que haberá que convocar para aprobar o POS 2017 antes do 24 de febreiro. Explica que o orzamento vai ser pequeno, mais que o aprobarán de paso para que cheguen as ideas que estimen, se ben lémbrales que teñen todo o ano para achegalas. Manifesta que tamén prevé incluír no orzamento para 2017 o mobiliario que falta para a Casa da Xuventude, de xeito que os usuarios o pasen ben e teñan gañas de voltar, e coida que as presas non son boas.

En referencia ás asociacións, opina que algunhas delas, coma as asociacións de veciños, as comisións de festas ou as deportivas, teñen moitos cartos nas contas, e que non é normal que o Concello lles dea máis cartos para telos nesas contas. Explica que, cando llo piden, o Concello si colabora puntualmente con eles.

Explica que o Ministro Montoro dixo que hai que ter tesoureiro habilitado nacional en todos os concellos, mais dos 313 de Galicia, 277 estamos na mesma situación que Carral. Espera que a FEGAMP solucione o asunto puntualmente e, tendo en conta que pode supoñer uns gastos duns 60.000 €, non sabe se fai falla ou non, cando a xestión da maioría dos ingresos está delegada na Deputación. Indica que espera que a FEGAMP e a FEMP busquen unha solución, cunha moratoria, ou modificando a lei, xa que non sabe se hai tantos habilitados nacionais coma postos para cubrir. Así, por exemplo, indica que non todos os concellos de máis de 20.000 habitantes teñen, e que algúns lles fixan retribucións baixas para que non se cubran as prazas. En calquera caso, espera que se dea seguridade xurídica á Intervención para realizar os pagamentos despois das ordes da Alcaldía.

En canto ao asfaltado do camiño ao que se refire o señor Couto, explica que é un máis dos que se fan dende hai moitos anos para mellorar os accesos ás casas, co compromiso do seu grupo político de que non haxa lama neles. Reitera que levan facéndoos moitos anos, igual ca outros Alcaldes anteriores. O señor Couto replica que o señor Alcalde sabe que non é legal asfaltar camiños privados, e ilústrao cun chiste no que indica que *"na piscina mexa todo o mundo, mais non dende o trampolín"*.

O señor Couto, por outra banda, di que non lle contestou se se licitaron ou están en execución os proxectos do PAS e o POS, ao que o señor Alcalde resposta que xa lle contestou que tales contratos, xunto ao de limpeza e do servizo de axuda no fogar, se farán en febreiro.

### 7.5.-Rogos do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

- 1.- O señor Couto pide que se coloquen focos na zona do Canedo, pois moitos están apagados.
- 2.- Indica que están a rechear o foxo do terreo de Varinca, e pide unha copia da última sentenza referente a ese asunto. Imaxina que, se está enchendo o terreo, pedirá a execución da sentenza de 2014, e amosa o seu temor a que, se se fai, as contas do Concello *"quedarán moi tocadas"*.

### 7.6.-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde lembra que o señor Couto falou do periódico do Concello. Explica que o Concello de Carral non envía aos veciños felicitacións, nin calendarios ou chisqueiros, e optaron por remitir-lles un resumo do ano 2016 e do que se pretende facer para 2017. Coida que o





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

periódico non se plantexou con protagonismo do PP nin do equipo de goberno, senón que se pediu aos redactores que fose xenérico, amosando que todos están "tirando por Carral", a diferenza dos publicados, por exemplo, por Oleiros ou Abegondo, con fotos dos alcaldes. Engade que tampouco fala dos grupos políticos, como fai o de Bergondo, e cre que se trata dun xornal positivo de cara aos veciños mais, se se volta facer, está de acordo en que haxa páxinas proporcionais para que as cubra a oposición. Indica que tanto Abegondo, coma Bergondo, Cambre ou Oleiros fan estas publicacións para informar aos veciños.

Así, coida que o seu equipo presume do bo e non oculta o malo, mais non son prepotentes. Explica que xa hai unha sentenza no asunto de Varinca e que, grazas á xestión e ás conviccións, é favorable, de xeito que o Concello non vai quedar "arruinado", pois só terá que devolver os cartos da licenza (sobre uns cen mil euros, e non os sete millóns demandados). Engade que é o día a día o que hai que facer cumprir, e que ten á súa disposición a sentenza para lela, na que non se fala de negligencia nin irresponsabilidade, polo que coida que hai que ser máis prudentes. Reitera que dende hai trece anos se fala do PXOM, e que lle gustaría que o señor Couto estivese na Corporación cando el pelexou cos socialistas a prol da necesidade de que o polígono fose todo para uso industrial, mentras eles querían casas. Así, conclúe manifestando que "alabado sea Dios". O señor Couto replica que a orixe do asunto de Varinca foi bastante negligente.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 00 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de vinte e catro páxinas numeradas do un ao vinte e catro, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

CONCELLO DE CARRAL  
ALCALDÍA  
A CORUÑA

José Luis Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

CONCELLO DE CARRAL  
SECRETARÍA  
A CORUÑA

Diego García Doyal